

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Auditorio de Galicia

Convocatoria aberta de subvencións de apoio en metálico ou en especies a actividades culturais 2016

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA ABERTA DE SUBVENCIÓNS DE APOIO EN METÁLICO OU EN ESPECIES A ACTIVIDADES CULTURAIS 2016

A Concellaría de Acción Cultural quere contribuír á recuperación da vitalidade da cidade mediante a identificación e promoción de iniciativas que xorden do tecido cultural de Compostela, e fomentar o seu desenvolvemento autónomo e consolidación.

Con esa finalidade, esta convocatoria tenta favorecer a diversificación de propostas e potenciar novos ámbitos de creación artística e o diálogo entre tradición e vangarda, promocionar espazos que acollan as actividades e integrar nestas á Rede de Centros Socioculturais, potenciar novos usos doutros ámbitos privados e públicos como parques, prazas, rúas, mercados, bibliotecas, centros escolares, etc. Asemade, a convocatoria persigue a remuneración xusta do traballo dos axentes creativos e culturais, tendo en conta a situación de precariedade do tecido cultural.

PRIMEIRA.-FINALIDADE E OBOXECTO.

Estas bases conteñen os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais dirixidas á promoción de actividades culturais e artísticas de amplo espectro orientadas a todo tipo de públicos e idades, que respondan aos criterios xerais de valor artístico, interese social, diversidade, redistribución territorial, desestacionalización e traballo en rede.

As subvencións concederanse consonte os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrência, non discriminación e igualdade. As actividades subvencionadas realizaranse con suxeición á normativa legal aplicable (en especial, a lexislación reguladora de réxime local e das subvencións públicas).

SEGUNDA.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES E MODALIDADES.

As actividades culturais subvencionables deberán cumprir o seguintes requisitos:

- a) Desenvolverse no municipio de Santiago de Compostela entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2016.
- b) Ser economicamente viables, o que se acreditará por medio da presentación dun orzamento equilibrado.
- c) O importe global do crédito destinado a financiar estas axudas é de cincuenta mil (50.000,00) euros con cargo á partida orzamentaria 3300047900. A cantidade para cada actividade subvencionada non superará en ningún caso o 90% do seu orzamento nin a contía de 10.000 €.

Non son subvencionables os gastos derivados da adquisición de bens inventariables como inmobles, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e, en xeral, os que teñan o carácter de investimento ou equipamento. Tampouco son subvencionables os gastos financeiros, notariais, rexistrals, periciais, multas, sancións e recargos administrativos ou penais nin os tributos directos a cargo dos beneficiarios.

As modalidades de actividades ás que se dirixe esta convocatoria son as seguintes:

- a) Festivais e ciclos de programación. Trátase de propostas baseadas na programación de teatro, danza, monicreques, maxia, performance, arte en acción, concertos, arte sonora, poesía, audiovisuais, exposicións e calquera outro tipo de accións multidisciplinares que teñan lugar nun único espazo ou en varias localizacións dentro da cidade ao longo dunha ou varias xornadas.
- b) Programas artísticos no espazo público. Trátase de propostas de intervención artística e cultural especialmente deseñadas para activar o espazo público: parques, xardíns, prazas, rúas, mercados, bibliotecas, centros escolares, etc.
- c) Programas artísticos nos espazos culturais municipais. Trátase de propostas de intervención artística e cultural especialmente deseñadas para o uso dos espazos culturais municipais.

d) Obradoiros. Trátase de propostas de laboratorios de creación, obradoiros relacionados coa alfabetización dixital, a participación cidadá, a empregabilidade, arte e saúde, a educación artística orientadas ás comunidades de proximidade co obxectivo de reactivar os espazos da dinamización sociocultural municipal.

e) Outros. Calquera outra proposta dirixida a diversificar a oferta cultural en calquera das súas manifestacións.

TERCEIRA.-PRAZO, DOCUMENTACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes pódense presentar do 10 ao 30 de abril de 2016 axustadas ao modelo que se xunta a estas bases. Deberán achegar a seguinte documentación:

A) DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

- Copia do DNI, NIE ou NIF do solicitante e/ou de quen o represente.
- Certificado de estar de alta no imposto de actividades económicas no epígrafe que corresponda, no caso de que o interesado denegue expresamente a súa consulta.
- Copia dos estatutos rexistrados ou escritura de constitución inscrita no rexistro mercantil correspondente.
- Documentación xustificativa da representación de quen asine a solicitude.
- Certificado do acordo de solicitude de axuda ou autorización da persoa que actúe en nome da entidade.
- De se tratar de sociedades civís ou comunidades de bens –ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia–, deberán nomear un representante ou apoderado legal único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación (deberán facer constar esa circunstancia na solicitude e na aceptación da concesión da axuda, cos compromisos expresos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se lle aplicará a cada un). Así mesmo, este tipo de agrupacións sen personalidade xurídica propia achegarán o compromiso de non disolución ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración de todas as axudas públicas ou privadas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución para a mesma finalidade.
- Declaración de non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, e que os datos que se aportan no expediente de solicitude responden á realidade.
- Impreso selado pola entidade financeira da conta bancaria na que figure como titular a solicitante e o número correspondente.

B) DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

- Currículum vitae do solicitante (500 palabras), se é unha persoa física, ou memoria de actividades (500 palabras), de se tratar dunha persoa xurídica, na que relate a súa actividade profesional ou experiencia.
- Memoria da actividade con título, descrición detallada e duración, datas de celebración, estrutura da produción (número de artistas, técnicos, colaboradores).
- Condicións técnicas detalladas de montaxe (rider) e orzamento completo de custos técnicos da actividade conforme ao rider.
- Orzamento de gastos e ingresos da actividade para a que se solicita a subvención.
- Documentación gráfica e/ou audiovisual libre de dereitos para a avaliación da proposta e para a súa futura posible difusión.
- Descrición dos públicos estimados obxecto da actividade e plan de mediación de públicos, se a actividade o require.
- Datos de contacto para cuestións técnicas (nome, CIF/NIF, enderezo, teléfonos, correo electrónico, web e persoa/s de referencia).

As propostas deberán prestar unha especial atención á adecuación dos lugares ou tipos de espazos suxeridos para desenvolver as actividades.

No caso de que a modalidade solicitada sexa para programas artísticos nos equipamentos culturais municipais, opción c), o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de novembro de 2016.

A documentación será remitida por correo postal ao Auditorio de Galicia, Avda. Burgo das Nacións, s/n, 15705 Santiago de Compostela ou por correo electrónico ao seguinte enderezo info@auditoriodegalicia.org

CUARTA.-DESTINATARIOS.

Poderán solicitar estas subvencións:

– As persoas físicas ou xurídicas, así como as sociedades civís e comunidades de bens –ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia–, así como as unións temporais de empresas, dedicadas profesionalmente á produción de actividades culturais e artísticas, que desenvolvan maioritariamente a súa actividade en Galicia. Exceptúanse as asociacións e restantes entidades sen fins de lucro.

– Que están ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, deben cumprir este requisito todos os integrantes.

– E que non incurrán en ningunha das causas de prohibición para percibir subvencións públicas que prevé o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, deben cumprir este requisito todos os integrantes.

QUINTA.-CONDICIÓNS E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS.

1. A contía das subvencións reguladas nestas bases non poderá, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, ou con outros ingresos ou recursos, propios ou alleos, superar o custo da actividade subvencionada.

2. As subvencións reguladas nestas bases son compatibles con outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, sen prexuízo do que dispoña a normativa reguladora destas últimas e sempre que se cumpra o requisito previsto no apartado 1 anterior.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, o instrutor do procedemento requirirá que se emende no prazo máximo de 10 días coa advertencia de que, noutro caso, entenderase que a persoa interesada desiste da solicitude e esta será arquivada sen máis trámites.

4. Concluído o prazo de presentación de solicitudes, somentes se admitirán outras peticións para as actividades obxecto desta convocatoria de concorrer circunstancias novas ou causas imprevisibles e excepcionais que impedisén a súa presentación no prazo que prevén estas bases. A concorrencia desas circunstancias ou causas deberá xustificarse na solicitude e correspóndelle ao órgano municipal competente avaliar a súa admisibilidade. Neste caso, os requisitos, documentación e procedemento de concesión serán os previstos nestas bases.

SEXTA.-AUTORIZACIÓNS E CONSENTIMENTOS.

1. A presentación da solicitude de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e debe presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

2. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Xa que logo, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

3. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración municipal, sempre que neste caso se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento o que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. O Auditorio de Galicia publicará na súa sede electrónica oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

SÉTIMA.-DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Consonte a Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a

presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Subvencións» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a concellaría decultura do Concello de Santiago de Compostela. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a antedita concellaría mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Avda. Burgo das Nación s/n, 15705 Santiago de Compostela, ou a través do correo electrónico info@auditoriodegalicia.org

OITAVA.-PROCEDEMENTO, CRITERIOS DE AVALIACIÓN e RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1. O procedemento de concesión das subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva.

2. O órgano competente para resolver é a Comisión executiva do Auditorio de Galicia, tralo informe da Comisión avaliadora e a proposta da concelleira delegada de acción cultural. A resolución deberá dítase no prazo máximo de tres meses desde que conclúa o prazo de presentación de solicitudes. Será motivada e mencionará as persoas beneficiarias e a contía das axudas concedidas.

3. A Comisión avaliadora estará formada polos seguintes membros:

- Presidente/a: o/a director/a-xerente do Auditorio de Galicia.
- Vogais: tres técnico/as da área de acción cultural do Concello nomeado/as pola concelleira delegada de acción cultural; e outros tres representantes nomeados polas asociacións profesionais do sector cultural da cidade (Música, Escena, Artes Visuais, Literatura, Xestión Cultural).
- Secretario: funcionario municipal nomeado pola concelleira delegada de acción cultural, que actuará con voz pero sen voto.

4. Os criterios de avaliación das solicitudes son os seguintes:

- A calidade artística e técnica da actividade e a coherencia co orzamento presentado, ata 20 puntos.
- A innovación temática e a orixinalidade da proposta, ata 20 puntos.
- A inexistencia de actividades semellantes no ámbito ao que dirixe, ata 10 puntos.
- A traxectoria profesional dos solicitantes, a repercusión e interese cultural doutros proxectos anteriormente xestionados, ata 10 puntos.
- Número de edicións cumpridas da proposta e o seus arraigo social, ata 10 puntos.
- A orientación da proposta presentada cara a xeración de retorno social (creación de novos públicos, equilibrio territorial na oferta cultural, valores de igualdade de xénero, aposta pedagóxica e posta en valor do patrimonio material e inmaterial), ata 10 puntos.

NOVENA.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar a actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou disfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello, así como calquer outras de comprobación e control financeiro dos órganos competentes do Concello, nacionais ou comunitarios, e aportar a información que lle requiran no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao Concello se obtiveron outras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas cando coñeza esa circunstancia e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación que lles deu aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade á proposta de resolución de concesión que está ao corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- f) Facer constar en todas as actividades que están subvencionadas polo Concello de Santiago de Compostela.
- g) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos
- h) En xeral, as que prevé o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMA.-XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

1. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre que se acredite que a actividade foi executada de acordo co proxecto presentado e se xustifique correctamente o seu emprego, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos á conta.

2. O prazo de xustificación da subvención será de un mes desde a data de finalización das actividades subvencionadas, e rematará o 31 de outubro de 2016. Transcorrido este prazo sen que se presente a xustificación, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de xustificación neste prazo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

3. Non se poderá realizar o pagamento da subvención se o beneficiario non figure ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, ou é debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha outra débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración municipal.

4. Será requisito necesario para o pagamento da subvención a entrega dunha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

5. No suposto de que o importe correctamente xustificado sexa inferior ao orzamento presentado coa solicitude, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

6. A documentación xustificativa da subvención estará composta por:

- Memoria de actividade.
- Balance dos ingresos e gastos xerados na totalidade do proxecto.
- Relación completa de todos os gastos imputados á actividade obxecto da subvención, polo importe total do gasto. A relación de gastos deberá reflectir as contías con IVE e sen IVE.
- Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas.
- Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, polo importe igual ou superior ao orzamento da produción, de conformidade co enviado polo beneficiario. Non se aceptarán as facturas en cuxo concepto non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, a obra e/ou o servizo facturado.
- Certificación bancaria acreditativa da realización dos pagamentos correspondentes a todos os gastos imputados á subvención concedida.
- Unha copia en formato CD, DVD ou outro sistema analóxico ou dixital, dos soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos etc.) empregados para a difusión e promoción da produción. A dita documentación poderase achegar, do mesmo xeito, por vía electrónica ou telemática e para os únicos efectos de comprobar a realización da actividade.
- Gravación do espectáculo, en calquera formato dixital.
- Ademais, deberase presentar (en relación cos dous últimos puntos) unha autorización expresa e asinada polo adxudicatario da axuda, en que se faga constar que a entrega tanto da gravación do espectáculo como da copia do texto se realiza para os meros efectos de arquivamento e documentación do Auditorio de Galicia.

7. Do mesmo xeito, e segundo as previsións contidas no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o beneficiario dunha subvención unicamente poderá subcontratar total ou parcialmente a actividade subvencionada ata o 50 % do seu importe, e en ningún caso poderá subcontratar unha única persoa física ou xurídica por máis do 25 % do importe total da subvención outorgada, nin tampouco se poderán subcontratar as actividades que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

DÉCIMO PRIMEIRA.-MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.

1. A alteración das condicións que se teñan en conta para conceder as subvencións e a obtención concorrente doutras subvencións, axudas ou recursos –ou doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras–, pode dar lugar á modificación da resolución inicial de concesión e, eventualmente, á súa revogación nos termos establecidos na súa normativa reguladora. Nese caso, o Concello de Santiago de Compostela pode reclamar o reintegro total ou parcial da suma concedida á entidade beneficiaria nos termos anteriormente estipulados.

2. Procederá a nulidade e revogación das subvencións concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos de incumprimento das obrigas anteriormente sinaladas, nos casos e termos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular polo incumprimento de calquera dos requisitos e obrigas estipulados nesta convocatoria pública.

3. O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexerase polo procedemento establecido no artigo 38 e no título VI da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2016.

Martíño Noriega Sánchez

Presidente do Consello Reitor do Auditorio de Galicia

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

1.-SOLICITANTE

1.1.-ENTIDADE/EMPRESA/PESOA SOLICITANTE

Nome ou razón social	
Tipo de entidade	
CIF/NIF	

1.2.-DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Domicilio	
Localidade	
Provincia	
Teléfonos	
Páxina web	

1.3.-REPRESENTANTE DA ENTIDADE/EMPRESA SOLICITANTE

Nome e apelidos	
DNI/NIE	
Teléfonos	
Correo electrónico	

1.4.-PESOA DE CONTACTO EN CASO DE SER DISTINTA DO REPRESENTANTE

Nome e apelidos	
DNI/NIE	
Teléfonos	
Correo electrónico	

2.-DATOS DO PROXECTO

2.1.-MODALIDADE DE ACTIVIDADE

☐ Festivais e ciclos de programación. Trátase de propostas baseadas na programación de teatro, danza, monicreques, maxia, performance, arte en acción, concertos, arte sonora, poesía, audiovisuais, exposicións e calquera outro tipo de accións multidisciplinares que teñan lugar nun único espazo ou en varias localizacións dentro da cidade ao longo dunha ou varias xornadas.

☐ Programas artísticos no espazo público. Trátase de propostas de intervención artística e cultural especialmente deseñadas para activar o espazo público: parques, xardíns, prazas, rúas, mercados, bibliotecas, centros escolares, etc.

☐ Programas artísticos nos equipamentos culturais municipais. Trátase de propostas de intervención artística e cultural especialmente deseñadas para o uso dos equipamentos culturais municipais

☐ Obradoiros. Trátase de propostas de laboratorios de creación, obradoiros relacionados coa alfabetización dixital, a participación cidadá, a empregabilidade, arte e saúde, a educación artística orientadas ás comunidades de proximidade co obxectivo de reactivar os espazos da dinamización sociocultural municipal.

☐ Outros. Calquera outra proposta dirixida a diversificar a oferta cultural en calquera das súas manifestacións.

2.1.1.-TIPO DE AXUDA SOLICITADA

☐ Axuda económica

☐ Axuda económica e cesión dun equipamento municipal

☐ Cesión dun equipamento municipal

☐ Cesión dun equipamento municipal e apoio técnico (material e humano) co que conta o equipamento

2.2.-PROXECTO

a) Denominación completa da actividade e edicións realizadas

--

b) Calendario de execución

--

c) Lugar/es de celebración

--

d) Público ao que se dirixe

--

e) Obxectivos (200 palabras)

--

2.3.-DESCRICIÓN

a) Curriculum vitae do solicitante (persoa física) ou memoria de actividades (persoa xurídica) (500 palabras)

b) Memoria da actividade (500 palabras)

Descrición detallada da actividade

b) Condicións técnicas detalladas

Medios técnicos para o desenvolvemento da actividade

--

3.-ORZAMENTO

3.1.-Orzamento de gastos

Programación (cachés)	
Persoal	
Produción	
Medios técnicos	
Promoción e publicidade	
Gastos xerais	
Outros gastos	
TOTAL	

3.2.-Orzamento de ingresos previstos

TOTAL	

3.4.-Outras axudas solicitadas

TOTAL	

3.5.–Orzamento solicitado ao Concello

--

3.6.–Equipamentos municipais solicitados

3.7.–Medios técnicos e humanos solicitados nos equipamentos municipais

2016/2500